



Lírica

Poemas

María do Cebreiro

Os brazos

Aquel rapaz pediume que o meu amor
 fose incondicional e eu dediquei dúas
 horas dunha tarde a pensar niso.
 O que xeralmente sucede é outra cousa.
 Non podemos agardar nada dos outros
 porque os seres humanos estamos feitos
 para lles fallar xustamente ás persoas
 que amamos. Eu levo varios días
 tentando escribir un poema sobre a beleza
 que aparece no mundo disposta para nós.
 A beleza que chega como por accidente,
 e á que nin tan sequera sabemos saudar.
 As cousas que perdemos aínda
 que por dereito nos correspondan
 e a vida as preparase durante anos para nós.
 E cando un día veñen dar ás nosas mans,
 non sabemos o que facer con elas.
 As perdas son tan puras que case non
 esixen nada a cambio. O verdadeiramente
 difícil é gañar. Todo o que conquistamos
 ten un prezo. A moeda é o corpo, e
 a maioría das veces non queremos pagalo.
 Érguete, carne miña, aínda que non acabes
 de entender por que caíches. Quizais
 o que chamaches liberdade ou amor
 non eran máis que dúas ilusións
 baleiras. Aínda hai brazos familiares
 que te sosteñen e nos brazos que temes
 aínda hai algo que é posible aprender.

As mans

¿Que buscas, cando escribes, coa insensatez
das nubes que ameazan treboada,
coa insensatez do vento que sopra e sopra
aínda que non teña para que? Fíxéchelo
porque non era posible. Erguícheste
como unha árbore, baixa en altura pero alta
de espírito, contra as penas que hai pouco
tempo ameazaban con te sepultar (“Je vais
essayer de me battre au mieux”).
Aínda ben que entendiches que a loita
era contigo. Había unha autoestrada
de néboa no teu interior, e esa non era
a parte menos clara. Había lembranzas
de outros que brillaban na túa memoria
como se fosen as túas propias. Había homes
capaces de andar coas mans, exercicios
que nunca fixeras e que nin sequera sabías
que outros podían facer. E daquela
miraches para a túa man esquerda,
que aínda non ignoraba o que facía a dereita,
e viches unha estrela. E despois miraches
para as estrelas do ceo e non as viches soas,
senón parentes lonxanas da nosa propia
pel. Por iso agora queres usar as mans
para medir cercanías, para facer pasar
do corazón ao corpo as poucas cousas
que sabes e as moitas cousas que aínda ignoras.

A escrita

Hai cousas que escribimos e non están á altura
do mellor que pensamos que podemos facer.
Aínda así, para nós é importante escribilas.
Carrexalas ao mundo para que outros as xulguen
e asumir diante deles a nosa imperfección.
O virtuosismo é un vicio que se paga coa morte.
O fracaso é un lugar seguro. O éxito, un lugar
incerto. Entre os dous, as persoas loitamos
por vivir. Unha máxima di: “non volvas escribir
o que escribiches”. E outra regra non escrita
aconsella lixar as mans na procura daquilo
que nos fai e nos desfai. Na procura daquilo
que non vemos. Iso que só se atopa volvendo
á escrita unha e outra vez, no obradoiro infinito
deste barro mortal que nos envolve. Non amamos
as testas coroadas, senón os pés dos libres.
Os daqueles que escriben a corpo descuberto.
Os que fan da súa obra un deporte de risco, pagando
coa propia vida cada mísera liña da súa escrita.